

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE XUÑO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1649/2016.- ÁLVARO MENÉNDEZ DE LUARCA BALLESTEROS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para o proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada, peche da fronte de parcela, construción auxiliar e piscina na Rúa das Penas, nº 9 C.

LIC/366/2017.-COMUNIDADE DE PROPIETARIOS 3655 008.- Conceder licenza para a instalación de ascensor e acondicionamento do portal de edificio de vivendas na Rúa Santiago León de Caracas, nº 8.

LIC/229/2017.- JOSÉ ANTONIO CANTORNA BARBEIRA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para vivenda unifamiliar no Lugar Marrozos, nº 27.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para o proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada, peche da fronte de parcela, construción auxiliar e piscina na Rúa das Penas, nº 9 C. LIC/1649/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a instalación de ascensor e acondicionamento do portal de edificio de vivendas na Rúa Santiago León de Caracas, nº 8. LIC/366/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para vivenda unifamiliar no Lugar Marrozos, nº 27. LIC/229/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á supresión do sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas. Apróbase a supresión do sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas, destinando as prazas ao estacionamento de non máis de 15 minutos fora do horario de carga e descarga. Entre as 22.00 e as 7.00 horas o aparcamento será libre.

6.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á subcontratación do contrato de "Servizo de coordinación e dinamización do proceso de orzamentos participativos "Compostela Decide" do Concello de Santiago de Compostela, ano 2018". Comúnicase á Xunta de Goberno local que a empresa Cidadanía, titular do contrato para a prestación do servizo de coordinación e dinamización do proceso de orzamentos participativos subcontratará coas empresas Numax S.Coop. Galega (16,69%); Changetomorrow (7,51%) e Control Suprimir SLU (5,84%) unha serie de traballos que se cuantifican nun 30,04% do importe total.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende, nº 6, destinado a oficinas municipais de Recadación. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 946,24 euros, IVE incluído.

8.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e

Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da orde do 22 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para os exercicios de 2017 e 2018. Apróbase a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención por importe de 179.944 euros, equivalente ao 100% dos custos de varias accións formativas no Centro de San Xuáns de Aríns e Cersia.

9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o ano 2017. Apróbase o texto do convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á prórroga do contrato administrativo do servizo de implementación do Programa Municipal de apoio para a inclusión social. Acórdase prorrogar o contrato por un período de cinco meses, ata novembro de 2017, por un importe de 21.142,37 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á prórroga do contrato de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago. Acórdase prorrogar a xestión do servizo do 1 de xullo ao 14 de novembro de 2017, por un importe de 47.606,67 euros.

12.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de mantemento e conservación das instalacións de calefacción dependentes do Concello de Santiago". Apróbase a proposta.

13.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a asociación de animación sociocultural e de tempo libre CIRCONOVE. Apróbase o texto do convenio, que non supón custos para as arcas municipais.

14.- Proposta da alcaldía relativa ás bases da convocatoria de subvención á instalación de infraestruturas e actividades promovidas por asociacións culturais e festas patronais do Concello de Santiago de Compostela mediante a modalidade de "axudas en especie" 2017. Apróbanse as bases da convocatoria das subvencións, para as que se autoriza un gasto de 25.000 euros da área de Cultura, e de 28.000 euros da área de Festas.

URXENCIAS

1.-Proposta de alcaldía relativa ao nomeamento do director da Asesoría Xurídica Municipal. Acórdase nomear a Xoaquín Enrique Monteagudo Romero como Director da Asesoría Xurídica Municipal.

2.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Tempo con Xeito. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á adhesión ao convenio de colaboración asinado entre a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP sobre a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración. Apróbase a proposta.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación das alegacións presentadas pola empresa F. Gómez y CIA SL en relación ás obras de construción do centro cívico do Romáño-Vista Alegre. Acórdase desestimar as alegacións realizadas e impoñer á empresa a sanción de 63.123,96 pola demora de 147 días na execución das obras

5.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativo á tramitación dunha solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de actividades dentro do evento Fairway 2017. Apróbase a presentación dunha solicitude de axuda por importe de 130.000 euros.

6.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á modificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais para o ano 2017 e a incoación de expediente de pago á Fundación Refuxio de Animais de 70.825 euros do anticipo do terceiro trimestre deste convenio.

Apróbase a modificación da cláusula cuarta do convenio entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais para 2017, de xeito que onde di que o Concello achegará 158.350 euros para financiar o funcionamento da Fundación, pasa a dicir que o Concello achegará 200.000 euros. Apróbase tamén realizar o ingreso de 70.825 euros do anticipo do terceiro trimestre á Fundación Refuxio de Animais (Desa cifra, 20.825 euros corresponden á diferenza entre as cantidades do convenio inicialmente asinado e o actual, e os outros 50.000 son a achega do terceiro trimestre)